



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E A CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI) PARA O FINANCIAMENTO DUN PROXECTO DE PREVENCIÓN DA DEPENDENCIA E PROMOCIÓN DA AUTONOMIA PERSOAL NO MEDIO RURAL

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A directora xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade e por vacante segundo a disposición adicional 1ª do decreto 176/2015, do 3 de decembro, a directora de Xuventude, Participación e Voluntariado,

DECLARA:

Que a Consellería de Política Social ten previsto formalizar coa CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que estenderá os seus efectos dende a súa formalización ata o 31 de decembro de 2018. Non obstante, financiaranse os gastos realizados dende o 1 de xaneiro de 2018 sempre e cando amparen actuacións encamiñadas a asegurar o correcto cumprimento dos acordos acadados.

Que o instrumento convencional ten por obxecto a colaboración por parte da Consellería de Política Social no financiamento dun proxecto de prevención da dependencia e promoción da autonomía persoal no medio rural

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundamentase no seguinte:

Actualmente faise preciso establecer medidas de apoio nos colectivos implicados tendo en conta que este proxecto procurará a atención das necesidades de persoas en situación de especial vulnerabilidade, en particular das persoas con discapacidade física destinatarias das accións a realizar, do que pretenden obter resultados transferibles aos servizos públicos respectivos.

Conforme aos requisitos previstos no artigo 26.2. apartado a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, que a desenvolve, COGAMI debe ser considerada como a única entidade de iniciativa social que ten un proxecto destas características..

Así mesmo, as actuacións obxecto deste convenio, recollidas na súa cláusula primeira; a súa adecuación ao ámbito competencial da Consellería de Política Social previsto no Decreto 176/2015, de 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social, e no seu artigo 20, onde se describen as competencias da Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade; e as específicas necesidades inherentes ao colectivo ao que van dirixidas, considéranse razóns que acreditan o seu interese social.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Público ou doutro instrumento alieo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste asino esta memoria en Santiago de Compostela, 3 de outubro de 2018

